

O ENTROIDO DAS ALMAS

[Herk Harvey, 1957]

266

PROYECCIONES EN NUMAX: 27 de xullo, 2 e 8 de agosto | V.O.S.E.

Carnival of Souls (1962, 78')

Dirección: Herk Harvey

Guión: John Clifford

Elenco: Candace Hilligoss, Frances Feist, Sidney Berger, Art Ellison, Stan Levitt, Tom McGinnis, Forbes Caldwell, Dan Palmquist, Bill de Jarnette

Son: Ed Down, Don Jessup

Montaxe: Bill de Jarnette, Dan Palmquist, Herbert L. Strock

Fotografía: Maurice Prather

Música: Gene Moore

Produtoras: Herts-Lion International (Estados Unidos)

Distribuidora: Penteo Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Seleccionada polo National Film Preservation Board en 1998

SINOPSE

Mary Henry é vítima dun accidente automobilístico; desde unha ponte colgante o seu vehículo precipítase a un río. Horas despois, Mary aparece soa e desorientada nun banco de area. Axiña notará que o mundo que a rodea mudou. A liña que separa os vivos dos mortos faise cada vez máis borrosa. É entón cando aparecen eles...

«Existencialista e macabra. Unha desas impredecíbeis xenialidades saídas de ningunha parte, que proxectan unha sombra alongada sobre o cinema de terror, desde Lynch a Shyamalan, de Romero a Amenábar»

Esteban Muñoz,
EL LADRÓN DE BICICLETAS



Cineastas dun só filme

Por Richard Brody

A listaxe de cineastas independentes que fixeron un gran filme e non tiveron a ocasión de continuar a súa carreira é tristemente longa e advirtenos de que os bos e vellos tempos en realidade non o foron tanto. Poderíamos falar de Julie Dash e William Greaves, Barbara Loden e Kathleen Collins, Kent Mackenzie e Allen Baron, Bill Gunn e Wendell B. Harris, Rob Tregenza e Thomas White. Engadamos outro nome na listaxe: Herk Harvey. El é o autor d'*O entroido das almas*, de 1962. Trátase sobre o papel dun filme de terror mais realmente é a historia dun desarranxo mental, coa premisa dun shock metafísico, que destaca pola riqueza das súas texturas e a súa abraiante inventiva cinematográfica. Aos elementos propios da fantasía e a ilusión, Harvey engade un sentido do poder alienante da arquitectura e o urbanismo, similar aos filmes que, naquel tempo, asinaba Michelangelo Antonioni. Mais o filme practicamente desapareceu do mapa no seu tempo, foi mal distribuído como película de xénero e fracasou comercialmente. Harvey, cineasta de oficio mais sen capacidade para acadar investimentos, tivo proxectos en mente toda a súa vida pero, agás *O entroido das almas*, non conseguiu levar a bo porto ningún deles. Morreu en 1996.

Publicado en www.newyorker.com/

O filme que namorou a David Lynch e George A. Romero

Por Javier Urrutia

Herk Harvey dirixiu ao longo da súa vida máis de 400 videos educativos e institucionais. Volvendo de filmar un deles en California, pasou por Utah e viu un parque de atraccións abandonado que pretendía ser unha caste de Coney Island da Costa Oeste, ás beiras do gran lago de Salt Lake. O lugar foi restaurado varias veces e pechou en 1958 tras pasar pola crise da Gran Depresión e a Segunda Guerra Mundial. Ollando esa paraxe decadente xurdiu a idea d'*O entroido das almas*.

O maior dos seus logros, intactos cincuenta anos despois da súa estrea, é a graza coa que recrea unha atmosfera inquietante con moi poucos medios (a melodía de órgano, a ausencia de son en determinadas escenas, os estraños encadres de cámara, unhas efectivas aparicións espectrais e unhas poucas imaxes aceleradas). *O entroido das almas* atopa conexións co expresionismo (claroscuros, encadres descentrados, decorados abstractos) á hora de recrear o edificio que actúa de porta cara á outra beira, ese lugar abandonado que reclama, atrae e atrapa a Mary, a protagonista. Toda esa ambientación surreal e de pesadelo alternase cunha serie de escenas costumistas e cotiás cunha naturalidade abraiante, até o punto de que o normal e o

anormal, o natural e o sobrenatural se dan a man con suma elegancia. Non hai dúas realidades separadas unha da outra senón unha soa, allea e propia á vez, o que xera un descougo aínda maior, porque toda esa atmosfera envolvente e hipnótica que atrapa a Mary Henry, á súa vez atrápanos a nós.

O cinema de David Lynch está cheo de espellos, personaxes femininos desdoblados, labirintos estraños dos que non conseguen fuxir, aparicións fantasmagóricas e representacións do ultramundo, elementos que aparecen nesta obra mestra dos sesenta. Enténdese que Lynch a cite como un dos seus filmes de referencia porque todo el é un filme lynchiano. Por outra banda, a crítica considera *La noche de los muertos vivientes* (George A. Romero, 1968) como o filme que marca unha nova ruta para o terror, mais seguramente nunca se tería producido se Romero non se tivese namorado desta xoia do fantástico, igual de importante cá súa para escribir as novas coordenadas do terror moderno, un terror que rachaba coa ambientación gótica propia da Universal e recreaba un medio máis urbano e metafísico, relacionado coa subxectividade dos personaxes e o seu flirteo coa loucura.

Publicado en <http://eltornillodeklaus.com/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX